

Burela, 19 de abril de 2023.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1218

---

## A FONSAGRADA

### *Anuncio*

#### **PROCEDEMENTO: APROBACIÓN DUN PADRÓN FISCAL**

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 183/2023**

**Asunto:** Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de marzo do 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 18 de abril de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2023, polo importe total de 12.374,40€ (dependencia) e 262,80€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada 19 de abril de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1219

---

### *Anuncio*

**Procedemento:** Desafectación do terreo do antigo depósito de auga de A Fonsagrada

**Expediente número:** 491/2022

Aprobado inicialmente a desafectación do terreo do Antigo depósito de auga de A Fonsagrada, como ben de dominio público, por Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 08/11/2022, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo inicial quedará elevado a definitivo de forma automática.

A Fonsagrada 19 de abril de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1220

---

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no Decreto de Alcaldía Núm. 2023-0169 de data 21/04/2023, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal de 2 tractoristas, 3 albaneis, 1 palista, 2 peóns e 2 peóns de limpeza viaria (xornada 50%) ao abeiro do Programa de reforzo do emprego 2023 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org))

A Fonsagrada, 21 de abril de 2023.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1242